

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 36

ano 6

setembro-outubro 2011

Historia das mulleres (I) A MORTE DE BÁRBARA DE CARRANZA EN 1570

Na cidade de Ourense, o luns 24 de abril do ano 1570, véspera do “señor san Marco”, entre as tres e as catro da tarde, acontece un tráxico e violento suceso do que **Fernán Pérez de Lemos**, notario, nos deu noticia nunhas follas cosidas ao seu protocolo. Atopábase asomado á ventá das “casas de Juan Gómez”, mercador, cando contempla algo que sucede na “plaça pública” e do que dá aséptica noticia.

Nun “cadahalso que tenía un repostero [pano cadrado coas armas dun señor]” atopábanse prendidos **Bárbara de Carranza**, filla do cóengo Carranza, e un tal **Villafranca**, reos por adulterio. Aparece en escena **Alonso de Piñeiro**, natural da Coruña, quen entra no cadafalso con García de Cantos, solicitador do Conde de Monterrei, e levando “un negro consigo; también se halló presente el canónigo Horbina”, “ciertos frailes de San Francisco”, así como Bartolomé Sotelo e Alonso Méndez, alguacís na “Audiençia Real”.


Acto seguido, Piñeiro, o marido ofendido, “con una espada que traya en la cinta (...) mató a su muger”, Bárbara de Carranza, “por decir que le auia fecho adulterio con un tal Villafranca al qual ansy mesmo mató el dicho Piñeiro en el dicho cadahalso y mató primero a la muger que al adúltero y el adúltero estaua syn belo ni otra cobertura ninguna sobre los ojos”.

Pérez de Lemos narra despois con detalle como se produce a morte: Piñeiro “arremetió” “con furia” sobre Villafranca, quien, “hechado en el tablado”, en un acto de defensa, “andubo rebobiéndose [de] una parte a otra con grillos y esposas, rehusando la muerte”; mais Piñerio matouno e aínda despois de morto “dos bezes fue a él con la espada, la qual metió en las baynas syn limpiarla”. Tras a súa morte violenta, “(f)ueron enterrados este onbre y muger en el monesterio de San Francisco de a par de la dicha çibdad”.

Despois, Alonso de Piñeiro foi prendido por **Ares de Prado**, xuíz da cidade, “a pedimiento de los herederos del mayorazgo de Luis de Villamarín”, herdeiro do cóengo Carranza. Non queda clara a causa deste prendemento, pero o que si podemos afirmar é que as consecuencias do acto do uxoricida, como se poderá deducir polas informacións que vertemos despois, non serían excesivamente rigorosas, pois a aplicación das **Leis de Toro** (1505) permitían que o marido tomase

semellante vinganza; “no por rencor, sino por celo de justicia”, dicían certos comentarios a esas leis no ano 1785.

Pérez de Lemos transmitiunos o cru relato dunha morte que hoxe nos parece brutal e incomprensible, mais que debe pórse en relación co contexto da época na que se produciu; un contexto marcado pola existencia dunha **orde estamental** e uns **patróns de vida familiar** que, como veremos, condenaban calquera acto contrario aos seus rixidos principios.



1570, abril, 24, luns. Ourense

Testemuño do notario Fernán Pérez de Lemos sobre a morte de Bárbara de Carranza, muller de Alonso Piñeiro, e Villafranca.

Original; Papel; escritura humanística; castelán; 385 x 295 mm. AHPOu. Protocolos notariais de Fernán Pérez de Lemos, C. 3519/5, f. 2r.

O matrimonio ao longo do século XVI

Ao longo do século XVI a lexislación civil e os **sínodos diocesanos** van amosar unha especial preocupación por esta institución garante da pervivencia da familia como entidade ordenadora da vida social. A importancia dada ao matrimonio era tal que constituía de por si un **sacramento** da Igrexa Católica, recoñecendo así o seu papel fundamental na procreación e na socialización dos individuos. O matrimonio vai ser a célula esencial do complexo corpo político e garantía da **orde social estamental** propia da monarquía dos Austrias.

O **Concilio de Trento** reforzou, en 1563, o que a Igrexa viña defendendo dende había tempo: que o matrimonio era un sacramento formalizado polo libre consentimento das partes, en presenza dun sacerdote, ante testemuñas, e despois de que aquel fixera tres amonestacións públicas durante unha misa maior, sempre e cando non existisen impedimentos lexítimos (de parentesco, de sangue ou espiritual), e seguindo as formalidades recollidas nos canons e demais normativa. Deste xeito procurábase dar fin aos matrimonios clandestinos que puñan en perigo a orde social.

A **lexislación** reflectía a importancia e independencia que o matrimonio confería respecto aos pais, ao establecer que “o fillo ou filla casado e velado sexa avido por emancipado en todas as cousas para sempre” (Nova Recopilación, L. V., Tit. I, lei VIII). Por iso, a pesar de que no Concilio de Trento ningún decreto o recollera expresamente, era preciso que a **emancipación** se fixera con autorización do cabeza de familia, algo que en cambio si sancionaron as lexislacións de moitos estados católicos.

Dese xeito buscábase a pervivencia da sociedade estamental, garantindo que os descendentes procurasen casar con alguén de similar nivel social e evitando as manchas da familia por deshonra. Mais tamén o requisito da **conformidade paterna** era necesario para negociar o contrato matrimonial (dote e arras) e así poder beneficiarse do patrimonio familiar. Deste xeito, o pai convértese no gardián da fama, mais tamén no vixiante dos intereses das fillas e da súa familia. Nesa **sociedade patriarcal** os matrimonios por amor ían frecuentemente seguidos por desherdamento, miseria e ostracismo.


O adulterio: un delito contra a moral e o patrimonio familiar

“Adulterar es tener ayuntamiento carnal con persona que es casada, o siendo ambos los que se juntan casados, y haziendo traición a sus consortes”. Deste xeito resumía o *Tesoro* (1611) de Covarrubias o significado do adulterio. Era a percepción que se tiña do que era considerado un delito contra a moral sexual e marital que xa na Biblia era duramente condenado: “se un home comete adulterio coa muller do seu próximo, home e muller adúlteros serán castigados coa morte” (Levítico, 20, 10). A condena do adulterio tamén se recollía na lexislación romana da época de Augusto (18 a. C.) e perviviu ao longo da Idade Media.

No século XVI, na xerarquía dos **pecados de luxuria**, o adulterio era máis grave que outros, polo feito de que mediaba un acto sexual que supuña unha ofensa ao marido (no adulterio el era o enganado, nunca a muller), e tamén á realidade sacramental que unía ás persoas en matrimonio.

O adulterio era contrario as leis da *patria* e supuña o maltrato e **destrución da honra** do marido, facendo que os demais o mirasen “con la misma desestimación que si hubiera tenido la culpa de que lo fuera” (Juan de Zabaleta). A lexislación (Leis de Toro) foi consecuente con esta percepción, culpando ás mulleres, ao establecer que o marido tiña **dereito a castigar**, incluso coa morte, á súa esposa e ao adúltero se os sorprendía no acto, e sempre que o castigo fose compartido por ambos. O marido tamén podía matalos con autoridade de xustiza; pero non se podería beneficiar do dote ou dos bens da súa esposa se non a tiña.

Aínda que pareza sorprendente, a penalización do adulterio perviviu entre nós ata data tan tardía como o ano 1978.



Olga Gallego Domínguez e a Historia das mulleres en Galicia

Este número de *Fronda* vai dedicado á memoria de **D^a. Olga Gallego Domínguez**, exdirectora (1969-1989) do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, de cuxo pasamento se cumpre un ano neste mes de setembro. Dentro da súa obra como historiadora fixo unha abundante recompilación de datos sobre o pasado ourensán. Unha mostra dese labor é a súa obra titulada **Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII** (2008); unha das súas últimas achegas ao estudo do noso pasado e a primeira achega de conxunto á historia das mulleres da nosa cidade na Baixa Idade Media e na Idade Moderna.

Gallego Domínguez proporciona alí diversas referencias sobre a condición e o papel desenvolvido polas mulleres nunha sociedade marcada pola mentalidade patriarcal. Referencias que serán de gran utilidade para orientar futuras análises interpretativas dunha realidade ata agora pouco coñecida. Un exemplo de mostra do material achado por aquela arquiteira é o documento que recolleemos e comentamos nesta folla voandeira.



XUNTA
DE GALICIA

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

galicia

Textos: Pablo Sánchez Ferro; Imaxes: Amalia Castro Dacosta, D.L. OU 67/2006